

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

## CURSO 2019-20

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

CENTRO: IES PEDRAS RUBIAS

CURSO: 4º ESO

DEPARTAMENTO: HISTORIA

MATERIA: FILOSOFÍA

DATA: 16/05/2020

# ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

## 1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
1.1 Comprender o que é a reflexión filosófica e diferenciala doutros tipos de saberes que estudan aspectos concretos da realidade e do individuo.	1.1 Define e utiliza conceptos como filosofía, mito, logos, saber, opinión, abstracto, concreto, razón, sentidos, <i>arché</i> , causa, monismo, dualismo, pluralismo, substancia, prexuízo e elabora un glosario con elas.
1.2 A orixe da filosofía occidental, onde, cando e por que xorde, distinguíndoa dos saberes pre-rationais, o mito e a maxia, como saber práctico, e comparándoa con algunhas características xerais das filosofías orientais.	1.2 Distingue entre coñecer, opinar, argumentar, interpretar, razoar, analizar, criticar, descubrir, crear.
1.3 Identificar a primeira interrogante filosófica da filosofía grega, a pregunta pola orixe, e coñecer as primeiras respostas a ela, dadas polos primeiros pensadores gregos.	1.3 Explica as diferenzas entre a explicación racional e a mitolóxica
1.4 Coñecer o xiro antropolóxico da filosofía no século V a. C., explicando algunhas das ideas centrais de Sócrates e de Protágoras, e reflexionando sobre a aplicación práctica da filosofía respecto ao individuo e á sociedade na que vive.	1.4 Le textos interpretativos e descritivos da formación do cosmos e do ser humano, pertencentes ao campo mitolóxico e ao campo racional, e extrae semellanzas e diferenzas nas formulacións
1.5 Reflexionar e argumentar, de forma escrita e oral, sobre o interese, especificamente humano, por entenderse a si mesmo e ao que o rodea.	1.5 Describe as primeiras respostas presocráticas á pregunta polo <i>arché</i> , coñece os seus autores e reflexiona por escrito sobre as solucións de interpretación da realidade expostas por Heráclito, Parménides e Demócrito.
1.6 Recoñecer as diferentes funcións da filosofía como saber crítico que aspira a fundamentar, analizar e argumentar sobre os problemas últimos da realidade, desde unha vertente tanto teórica coma práctica.	1.6 Compara a interpretación do ser humano e da sociedade defendida por Sócrates coa exposta por Describe as primeiras respostas presocráticas á pregunta polo <i>arché</i> , coñece os seus autores e reflexiona por escrito sobre as solucións de interpretación da realidade expostas por Heráclito, Parménides e Demócrito. Protágoras, argumentando a súa propia postura.
2.1 Comprender a profundidade da pregunta <i>quen son?</i> , coñecendo algunhas respostas dadas desde a psicoloxía e desde a filosofía, reflexionando e valorando a importancia de coñecerse a un mesmo e expresándoo por escrito.	2.1 Define e utiliza conceptos como personalidade, temperamento, carácter, conciencia, inconsciencia, condutismo, cognitivismo, psicoloxía humanística, psicanálise e elabora un glosario cos devanditos termos.

2.2 Definir o que é a personalidade, así como os principais conceptos relacionados con ela.	2.2 Define e caracteriza que é a personalidade
2.3 Coñecer e explicar as teses centrais dalgunhas teorías sobre a personalidade.	<u>2.3 Coñece as teses fundamentais sobre a personalidade e argumenta sobre iso.</u>
2.4 Recoñecer as etapas do desenvolvemento da identidade persoal, reflexionando sobre os factores que determinan o éxito e o fracaso, e achegando a propia opinión razoada sobre estes dous conceptos.	2.4 Le textos literarios nos que se analiza a personalidade dos personaxes e identifica os trazos e os tipos de personalidade e reflexiona por escrito sobre a temática.
2.5 Analizar que se entende por inconsciente no marco do pensamento da psicanálise.	2.5 Analiza que se entende por inconsciente.
2.6 Explicar as ideas centrais da teoría humanística sobre a motivación, reflexionando sobre o carácter da motivación como elemento distintivo do ser humano fronte ao meramente animal.	2.6 Explica as ideas centrais da teoría humanística sobre a motivación e expresa a súa opinión razoada ao respecto.
2.7 Reflexionar sobre o papel das emocións como ferramenta para ser emprendedor e creativo.	2.7 Analiza textos nos que se describe o papel das emocións como estímulo da iniciativa, a autonomía e o emprendemento.
2.8 Coñecer a importancia da introspección sinalada por Agostiño de Hipona, como método de autocoñecemento e de formación da propia identidade.	2.8 Explica que é a introspección segundo Agostiño de Hipona utilizando este tipo de pensamento en primeira persoa para describirse a si mesmo.
3.1 Explica que é a introspección segundo Agostiño de Hipona utilizando este tipo de pensamento en primeira persoa para describirse a si mesmo. 2. Explicar as teses básicas dalgunhas concepcións filosóficas sobre as posibilidades e os límites da razón.	3.1 Distinguir a racionalidade teórica da racionalidade práctica, así como teoría e experiencia.
3.2 Coñecer a concepción contemporánea sobre a intelixencia	3.2 Explica que é a racionalidade e describe algunhas das súas características.


## 1. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

<b>AVALIACIÓN</b>	<p><b>Procedementos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Seguimento e revisión do traballo do alumnado consistente en realización de exercicios, redaccións e comentarios de textos, vídeos , debuxos...</li> </ul>
	<p><b>Instrumentos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Envío e posterior corrección dos traballos escrito.</li> <li>• Instrumentos de autoavaliación: unha vez entregadas as tarefas o alumnado recibe a plantilla de resposta para realizar a súa autocorrección.</li> </ul>
	<p><b>Criterios de cualificación :</b></p> <p>Empregarase a media da 1º e 2º avaliación. Entregando no que sería o 3º trimestre actividades de recuperación ( como nota máxima obterá unha cualificación de 5) e de reforzo, e actividades para subir nota ( ata 2 puntos).</p> <p><u>Alumnos que aproban as dúas avaliacións:</u> realizarase a media aritmética de ambas, e poden subir a nota ata 2 puntos, pola realización das actividades marcadas para elo, neste período de clases non presenciais.</p> <p><u>Alumnos que suspenderon 1 avaliación:</u> farán un plan de recuperación, que terá que estar ben feito e remitido aos docentes (como nota máxima obterá unha cualificación de 5). Farase media aritmética coa nova nota da avaliación recuperada ( se é o caso). Epoden subir a nota ata 2 puntos no caso de entregar as actividades marcadas para elo neste período de clases non presenciais.</p> <p><u>Alumnos con 2 avaliacións suspendas:</u> entregarán o plan de recuperación de cada avaliación ben feito. Poden acadar ata un 5 en cada avaliación. Realizarase unha media aritmética coas dúas notas. Poden subir a nota ata 2 puntos coas actividades marcadas para elo neste período de clases non presenciais.</p>
<b>CUALIFICACIÓN FINAL</b>	<p><b>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Media aritmética das notas da 1ª e 2ª Avaliación (despois de ser recuperadas de ser o caso).</b></li> <li>• <b>Poderan chegar ata 2 puntos máis por entrega e correcta realización das actividades propostas para elo da 3ªAvaliación.</b></li> </ul>
<b>PROBA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>No caso de ser presencial:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>○ <b>Proba escrita: 100% Cualificación</b></li> </ul> </li> <li>• <b>No caso de non ser presencial:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>○ <b>Entrega de traballo/actividades: 100% Cualificación</b></li> </ul> </li> </ul>
<b>ALUMNADO DE MATERIA PENDENTE</b>	

## 2. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE

<b>ACTIVIDADES</b>	<b>ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN</b>
	Dirixidas ao alumnado con avaliacións e/ou materias de cursos anteriores suspensas, co fin de que poidan recuperalas. <ul style="list-style-type: none"> <li>• Material individualizado para o alumnado que terá que entregar.</li> </ul>
	<b>ACTIVIDADES DE REPASO</b>
	Dirixidas a consolidar aprendizaxes do 1º e 2º trimestre. <ul style="list-style-type: none"> <li>• Fichas con actividades</li> <li>• Actividades do libro</li> <li>• Actividades interactivas</li> </ul>
	<b>ACTIVIDADES DE REFORZO</b>
	Tarefas dirixidas ao alumnado con dificultades de aprendizaxe . <ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividades individualizadas: <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Fichas con actividades</li> <li>○ Actividades do libro</li> <li>○ Actividades interactivas....</li> </ul> </li> </ul>
	<b>ACTIVIDADES DE AMPLIACIÓN</b>
Son as que permiten continuar construíndo coñecementos e afondar neles para superar con facilidade os obxectivos propostos. Estas actividades pódense plantexar cun nivel superior de elaboración ou tamén solicitar que as realicen cun maior grado de autonomía. <ul style="list-style-type: none"> <li>• Traballos de investigación.</li> <li>• Proxectos.</li> <li>• Actividades interactivas</li> </ul>	
<b>METODOLOXÍA</b>	<b>ALUMNADO CON CONECTIVIDADE</b>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Proposta de actividades semanalmente na Web do centro.</li> <li>○ Correccións semanais individual por correo electrónico.</li> <li>○ Resolución de dúbidas: <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Correo electrónico.</li> <li>▪ Videoconferencia.</li> <li>▪ Chamada telefónica.</li> </ul> </li> </ul>
	<b>ALUMNADO SEN CONECTIVIDADE</b>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Entrega de tarefas en man vía Protección Civil.</li> </ul>
<b>MATERIAIS E</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <u>Libro de texto.</u></li> <li>• <u>Apuntamentos da clase.</u></li> </ul>

<b>RECURSOS</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <u>Textos a descargar da web do centro.</u></li> <li>• <u>Recursos dixitais:</u> <ul style="list-style-type: none"> <li>○ <u>todo o alumnado dispón de ordenador.</u></li> <li>○ <u>Correo electrónico.</u></li> <li>○ <u>Web do centro.</u></li> <li>○ <u>Abalarmóbi</u></li> <li>○ <u>Webex</u></li> </ul> </li> </ul>
-----------------	---

<b>3. Información e publicidade</b>	
<b>INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Abalarmóbil</li> <li>• Correo electrónico</li> <li>• Web do centro</li> </ul>
<b>PUBLICIDADE</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Publicación obrigatoria na páxina web do centro.</li> <li>• Aviso de publicación por Abalarmóbil</li> </ul>